


Club voleibol Aldebarán, máis dunha década facendo historia

O Club de voleibol Aldebarán comezou como actividade escolar pero chegou ser tres veces camión galego e unha da liga nacional. Con todas as dificultades dun club modesto ten a satisfacción de ser a "imaxe deportiva" do concello.



Partido de primeira división sénior masculino xogado en San Sadurniño no que pode verse o numeroso público asistente.

Pepa Cartelle

Nun país en que se considera que o deporte rei é o fútbol, calquera outro xa pode ter a denominación de minoritario, e máis aínda cando é dun concello pequeno e conta con poucos medios. Pero o Aldebarán ten demostrado ao longo dos seus case quince anos de vida que pode chegar ao máis alto.

Manolo Seco, mestre do colexio, é a alma máter deste club. Grazas ao seu empeño e ao dalgúns pais o equipo segue a pesares das moitas dificultades.

O club voleibol Aldebarán afronta unha nova tempada. Manolo Seco e o seu equipo enfróntanse a unha das ligas máis delicadas por falla de xente.

Colexio

O Club naceu no ano mil novecentos noventa e dous, antes non existía como tal senón como agrupación deportiva só en período escolar. "Cando empezaban o Instituto moitos dos xogadores abandonaban e volta a comezar collendo aos seguintes", destaca Manolo Seco.

Foi nesa tempada 91-92 cando se decidiron a crear o club, "xogábase un campionato galego

infantil cun grupo moi interesante de xogadores e decidimos darlle continuidade a eses nenos. Só había categoría infantil".

Unha das características do club é que en todas as categorías ten equipos femininos e masculinos dende os seis aos 18 anos, así como un equipo sénior, de maiores de 18 anos que xoga na primeira división

Financiamento

Como todos os clubs modestos o tema do financiamento é un tema delicado, neste caso todos os xogadores pagan unha pequena cota por xogar. Ademais contan co aporte dos socios e dalgúns patrocinadores locais así como certas subvencións, "pero os gastos foron aumentando, nesta tempada as cotas subirán algo máis", lamenta Seco.

Entre os patrocinadores destaca a empresa Tecnifont, unha empresa local de fontanería de Santa Mariña do Monte, na que o propietario é un antigo xogador do club, "e podemos contar con el".

"No caso dos maiores cando saen a xogar fóra de Galiza, pagan unha cantidade para o desprazamento, cada xogador cubre tan só un 10% dos gastos que xenera e

hai que pagar o transporte, roupa do equipo, aloxamento se dormen fóra, ficha da federación que inclúe o seguro de accidentes. Tamén o salario do adestrador profesional que dirixe todo o club. Ten en conta que unha viaxe a Coruña en bus son 200 euros. Por exemplo os sénior estiveron catro días na Rioxá na fase de ascenso da segunda liga e foron 4.000 euros de gastos".

Competicións

Outra das características deste equipo é que compiten todos, nenas e nenos, "o que pasa que co tempo van deixando... é un problema social e familiar, de hábitos saudables, diminúe a natalidade, diminúe o número de xente que practica este deporte, e diminúen as nenas que aguantan ata os catorce anos".

Neste ano, nos alevíns e benxamíns non conseguiron crear un equipo feminino e xogaron facendo un equipo mixto coa Compañía de María de Ferrol.

Malia as dificultades o Aldebarán compete a nivel provincial na liga da Coruña, nas categorías benxamín e alevín. Os infantís, cadetes e xuvenís compiten na liga galega e os sénior están na Primeira División Nacional, grupo A, que é a zona norte de España, xunto con Rioxá e Asturias.

Éxitos deportivos

Ao longo da súa intensa vida o éxito deportivo máis importante acadado polo club é o feito de ter sobrevivido ao longo de tantos anos, pero ademais, o equipo ten o seu prestixio dentro desta modalidade deportiva. "Cos xuvenís masculino fomos tres veces campións galegos e chegamos a tres fases finais dos campionatos de España. Os gañadores de cada área xeográfica de España xogaba a final. Fomos tamén campións da



Manolo Seco á fronte da directiva do club.

primeira división nacional do grupo A".

"Temos de tres a catro xogadores na selección galega sénior e outros tantos na selección galega infantil, iso quere dicir que o traballo está ben feito. En definitiva, que somos únicos... pero somos a cincuenta, porque somos dun concello rural con pouca xente e cartos e aquí estamos".

Canteira

Agora o máis urxente para este equipo é aumentar a canteira de xogadores para o que xa teñen un convenio co concello de Narón para adestrar nenas e nenos de alí.

"Queremos ampliar o noso radio de acción para conseguir máis xogadores, buscando colaboración e canteira noutros concellos senón morremos. En setembro faremos xuntanzas coas ANPAS e profesores de educación física para buscar a maneira de colaborar e ensinar a xogar á vez que, insisto, atopamos canteira. Podemos dicir que somos un exemplo para o voleibol galego pero que case que está esgotado en San Sadurniño por falla de renovación dos xogadores. Na directiva somos poucos, sete persoas e ao haber máis oferta doutros deportes estase deixando o volei de lado".

Nesa procura por atopar can-

teira chegaron a buscar xogadores de fóra, "un día fomos ao Colexio Soutomaior porque nos dixeran que había uns rapaces moi altos e así foi, ofrecémoslles a posibilidade de adestrar e viñeron cinco, moi bos. O que pasa é que co tempo había que pagarlles o transporte e moitos deles comezaron a traballar noutras cousas, foi unha pena porque eran bos xogadores".

Adestrador

Manolo destaca ademais que o concello os apoia no que pode, adaptando os horarios do pavillón, "ata temos certos privilexios e un equipamento excelente. Mercaron certos aparellos de musculación en función das nosas necesidades".

Nesta nova tempada o Aldebarán está ademais a procura dun novo adestrador, tivemos un ruso-ucraniano, Sergey Chkourine, seleccionador da selección rusa do ano mil novecentos noventa e oito e noventa e nove. Home moi serio e tecnicamente esixente cos xogadores que logrou un gran nivel. Incluso fichamos a un xogador brasileiro, Luiz Fernando Requiao".

Pero o que de verdade precisa o equipo é "¡¡¡xente que veña a xogar connosco!!! Lembrar que somos a imaxe deportiva por excelencia do concello", remata Manolo Seco.



Equipo xuvenil feminino da liga 2007-2008

